




Sinsal
Primavera

Abril-maio 2026
VIGO | Museo MARCO | Fundación Sales

Water Damage e Ólöf Arnalds, protagonistas do Sinsal Primavera

Os concertos promovidos por Sinsalaudio co apoio do Concello de Vigo celebraranse os días 1 de abril e 3 de maio no MARCO e na Fundación Sales, respectivamente, e as entradas están á venda na web [Sinsal.gal](https://sinsal.gal)

O colectivo musical estadounidense Water Damage fará en Vigo a súa única parada en España no marco da xira mundial na que presentan a súa música, baseada en drons

Ólöf Arnalds, unha das voces máis singulares da música islandesa contemporánea, presentará o seu novo disco, *Spíra*, publicado en decembro

Vigo, 11 de marzo de 2026.- Sinsal Primavera agroma un ano máis no calendario das melómanas e curiosas, e celebrará a súa nova edición en abril e maio. A serie de concertos eclécticos impulsados pola promotora local Sinsalaudio da man do Concello de Vigo contará no seu cartel con **Water Damage**, colectivo estadounidense que aposta pola distorsión ininterrompida e a música baseada en drons, e coa cantante islandesa **Ólöf Arnalds**, quen presentará por primeira vez en España o seu último disco, *Spíra*. As entradas para os directos, que terán lugar o 1 de abril no MARCO e o 3 de maio na Fundación Sales, están á venda desde hoxe mesmo a través da web de [Sinsal.gal](https://sinsal.gal).

Sinsal Primavera, unha rara avis no panorama musical galego, pretende achegar ao público a creación de bandas e solistas cuxa singular proposta artística non forma parte do circuito habitual das salas de concertos. A intención non é outra que sorprenden as e aos asistentes a través dunha clara aposta pola experimentación e descubrir proxectos creativos que desafían as fórmulas habituais de expresión. Un ano máis, o **MARCO de Vigo** será unha das sedes do evento, que este ano tamén contará co apoio da **Fundación Sales**.

Sinsal

Primavera

Abril-maio 2026

VIGO | Museo MARCO | Fundación Sales

A primeira cita chegará da man do colectivo estadounidense **Water Damage**, que aterrará en Vigo inmerso nunha xira mundial -e na que a cidade olívica será a única parada en España- para presentar o seu directo, unha experiencia singular que aposta pola **distorsión e perturbación do son**, mais sen descompoñer o equilibrio entre os tons e as capas harmónicas. A súa **música, baseada en drons**, é un exemplo de como funciona o son en constante vibración e o seu directo será unha das propostas máis desafiantes que o público escoitará en Galicia este ano. Esta viaxe sonora celebrarase o mércores 1 de abril, a partir das 20.30h, no MARCO de Vigo.

O segundo concerto do Sinsal Primavera 2026 chegará o domingo 3 de maio contra o mediodía. A cantante e compositora islandesa **Ólöf Arnalds iniciará en Vigo a súa xira española de presentación do seu novo disco, *Spíra***, un traballo envolvente e de enorme beleza publicado o pasado mes de decembro e moi esperado logo dunha década de silencio, xa que nos seus anteriores traballos contou coa colaboración de artistas como Bjork ou membros de Sigur Rós ou Amiina. Na Fundación Sales, que se estrea como sede do Sinsal Primavera, Arnalds dará a coñecer ao vivo o seu quinto disco. Acompañada polo produtor e músico de jazz Skúli Sverrisson (quen traballou con Lou Reed, Jon Hassell ou Jóhann Jóhannsson), a islandesa moverase entre a tradición oral e a experimentación, transformando o cotidiano e íntimo nunha experiencia compartida.

SINSAL PRIMAVERA 2026

Mércores 1 de abril | MARCO de Vigo

Water Damage (EEUU)

Apertura de portas: 20.00 horas

Inicio do concerto: 20.30 horas

Entradas á venda desde 15€ (18€ na billeteira o día do concerto) en sinsal.gal

Domingo 3 de maio | Fundación Sales

Ólöf Arnalds (Islandia)

Apertura de portas: 12.30 horas

Inicio do concerto: 13.00 horas

Entradas á venda desde 15€ (18€ na billeteira o día do concerto) en sinsal.gal.


Entradas para menores de 17 anos: 5€ (cupos limitados)

Sinsal

Primavera

Abril-maio 2026

VIGO | Museo MARCO | Fundación Sales



Kit de prensa Sinsal Primavera

<https://cutt.ly/SinsalPrimavera2026>

Contacto de prensa Sinsalaudio

Lucía Pita · 675 404 321 · prensa@sinsalaudio.org

sinsal.gal

CONCELLO
DE VIGO



ORGANIZA

 SINSALAUDIO

COLABORAN

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEO DE VIGO

FUNDACIÓN
SALES